



## **I ENCONTRO DE ALUMNOS DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA**

A finalidade do encontro é que o alumnado de Música de ESO e Bacharelato de Galicia dean a coñecer a outros compañeiros o traballo que realizan na clase, fomentar a convivencia entre os alumnos e os profesores de música dos centros galegos e aportar ideas entre centros para enriquecer o ensino musical de Galicia nestes niveis educativos. Este **I ENCONTRO** é unha actividade aberta e destinada a todo o alumnado e profesorado de Música, asociado ou non a ASOMÚSICA.

**A DATA DO ENCONTRO SERÁ O 24 DE MAIO, ÁS 11,00 HORAS, NO PAZO DA CULTURA DE NARÓN**

## **I ENCONTRO DE ALUMNOS DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA**

### **BASES**

1. O tema do ENCONTRO deste ano é “A MÚSICA NO CINE”
2. Cada centro poderá presentar un número de ata 40- 45 alumnos.
3. Interpretaranse un ou dous temas por centro. Poderán ser obras vocais e/ou instrumentais que se realicen en clase.

Se hai alumnos que toquen instrumentos clásicos, de rock, etc. deberán facelo cos demais compañeiros da súa clase ou no grupo de alumnos de nivel heteroxéneo formado polo profesor para esa actuación. Se houbera algunha proposta para a interpretación dunha peza exclusivamente tocada por estes alumnos, o profesora deberá comunicalo previamente á organización do ENCONTRO. O mesmo cabe dicir para outro tipo de interpretacións, como por exemplo a danza.

Asimesmo contéplase durante a actuación tanto a utilización de vídeos de creación escolar onde a música sexa o eixe central, coma outros con imaxes da película mentras se executa a canción da súa banda sonora, etc.

4. Cada grupo proporá un alumno que fará de presentador do seu centro, dos temas e dos seus compañeiros. Antes do concerto será enviado por correo electrónico un guión con todos os detalles do Encontro aos centros participantes.

5. O IES TERRA DE TRASANCOS proporcionará dous xilófonos e metalófonos baixos, dous xilófonos e metalófonos contraltos, dous xilófonos e metalófonos sopranos, dous carrillóns soprano e dous carrillóns contralto. Se algún centro precisa algún instrumento de láminas máis deberá comunicarllo á organización. Os instrumentos de pequena percusión traeraos cada centro debidamente identificados.  
O Concello de Narón pon á nosa disposición un teclado e megafonía, así como dous técnicos para imaxe e son.
6. Despois do ENCONTRO teremos un xantar nun lugar ao aire libre previamente escollido e preparado pola Organización. Os alumnos e profesores participantes deberán traer a súa propia comida.
7. Os centros interesados en participar poden inscribirse no correo: [encontromusica@gmail.com](mailto:encontromusica@gmail.com) ata o día 14 de abril indicando:

<b>NOME DO CENTRO PARTICIPANTE</b>
<b>NÚMERO DE ALUMNOS</b>
<b>TEMAS A INTERPRETAR</b>
<b>NECESIDADES TÉCNICAS PARA A ACTUACIÓN (micrófonos, luces, proxector de vídeo...)</b>
<b>QUEDARÍANSE AO XANTAR POSTERIOR: SI ou NON</b>
<b>PROFESOR OU PROFESORES RESPONSABLES</b>
<b>CORREO ELECTRÓNICO E TELÉFONO DE CONTACTO DO PROFESOR RESPONSABLE</b>

En caso de que houberse moitos centros que solicitasen a súa participación neste I ENCONTRO, seleccionariáanse os centros por orde de chegada ata completar as prazas de que dispón o Pazo.

**NOTA IMPORTANTE: ENTENDEMOS QUE AO ENCONTRO DEBERÍAN IR OS ALUMNOS QUE MÁIS O MEREZAN POLO SEU COMPORTAMENTO E TRABALLO NA CLASE DE MÚSICA, COMO ALICIENTE PARA ELES, PARA MELLORAR AS NOSAS CLASES E PARA QUE O ENCONTRO SE DESENVOLVA DA MELLOR FORMA POSIBLE.**